

## Concello da Cañiza

---

Visto que por acordo do Pleno de data 30 de setembro de 2021, aprobouse definitivamente a Ordenanza reguladora da venda ambulante neste Concello, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, número 234, de 2 de decembro de 2021

Visto que Artigo 5 da referida ordenanza especificase a localización e periodicidade das feiras que se van realizar nesta vila, entre elas a denominada “Nova Feira”, terá lugar todos os últimos e antepenúltimos domingos de cada mes, nas rúas Regueiro, Vilanova, Oriente, Carme, Antonio Facorro, Rosalía de Castro, Travesía do Mercado, Prazas de Arbo e Maior

Estimando que é axeitado e procedente para a correcta posta en marcha desta nova iniciativa, a redacción dunhas instrucións que especifiquen e aclaren o procedemento de solicitude de postos,

A vista do anteriormente exposto, esta Alcaldía de acordo coas competencias que lle veñen atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985, Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público e en cumprimento do artigo 28 da referida LCSP

### RESOLVO

Aprobar as correspondentes instrucións que se detallan:

### **INSTRUCIONS PARA O CORRECTO DESENVOLVEMENTO E FUNCIONAMENTO DA “NOVA FEIRA”**

*Por acordo do Pleno de data 30 de setembro de 2021, aprobouse definitivamente a Ordenanza reguladora da venda ambulante neste Concello, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, número 234, de 2 de decembro de 2021*

*No Artigo 5 da referida ordenanza especificase a localización e periodicidade das feiras que se van realizar nesta vila, entre elas a denominada “Nova Feira”, terá lugar todos os últimos e antepenúltimos domingos de cada mes, nas rúas Regueiro, Vilanova, Oriente, Carme, Antonio Facorro, Rosalía de Castro, Travesía do Mercado, Prazas de Arbo e Maior*

*Para por en marcha esta Nova Feira, que inicia a súa andadura o 17 de xullo de 2022, é necesario realizar unha reorganización dos postos e co fin de desenvolver e fomentar esta actividade de venda ambulante como unha actividade alternativa turística, comercial, gastronómica e lúdica, que ofrecer a veciños e visitantes, vese necesario a redacción das seguintes*



## Concello da Cañiza

---

### INSTRUCIONS

#### **PRIMEIRA: TEMPORALIDADE**

Esta “Nova Feira” realizarase todos os últimos e antepenúltimos domingos de cada mes.

#### **SEGUNDA: LOCALIZACIÓN E TEMÁTICAS**

Os novos postos deberán distribuírse segundo as áreas temáticas que se especifican a continuación, respectando a localización dos vendedores ambulantes que no día da data, xa teñen presentada a correspondente petición:

- 1 Travesía do Mercado: Produtos ecolóxicos
- 2 Rúa do Carme: Artesanía
- 3 Praza Maior: Antigüidades
- 4 Resto de Rúas: Xenéricos

#### **TERCEIRA: SOLICITUDES**

As solicitudes presentaranse no rexistro do Concello dende o día 27 de xuño ás 12.00 h ata o 1 de xullo ás 12.00 h

#### **CUARTO: INSTALACIÓNS**

- a) Respectaranse a situación daqueles vendedores das Feiras Tradicionais que xa realizaran a súa petición para un posto na Nova Feira con anterioridade á aprobación destas instrucións.
- b) Os novos postos que se soliciten, situaranse nos ocos baleiros, nas áreas temáticas respectivas, segundo o especificado na solicitude, por rigorosa orde de entrada. Os postos de venda ambulante que non se encadren en algunha das áreas establecidas, situaranse nas rúas xenéricas, tamén por rigorosa orde de entrada.

Documento asinado electrónicamente (art. 9 da Lei 39/2015)  
por **LUIS ANTONIO GÓMEZ PIÑA, Alcalde do Concello de A Cañiza**, dando fe do mesmo, **INES MONTERO ARES, Secretaria Xeral do Concello**, na data que figura na marxe do documento.

